

Estimadas familias:

Remitímoslles esta circular para informar da convocatoria de xuño dos exames de Cambridge que retomamos este curso.

Sempre que as condicións epidemiolóxicas o permitan, os exames se celebrarán nestas datas: os alumnos de **Starters (4EP), Movers (5EP) e Flyers (6EP)** examinaranse o **7 de xuño** pola tarde, os alumnos de **KET, PET e FCE** examinaranse o **sábado 12 de xuño**. Os exames se realizarán no colexio. Máis adiante concretaremos os horarios e medidas a ter en conta pero compre lembrar que se os candidatos teñen síntomas de Covid avisen con antelación e non se presenten o día das probas, que respeten a distancia de seguridade en todo momento, que se hixienicen as mans despois de cada descanso e que traían o seu propio material (bolis e cores).

**As taxas** do exame son: **Starters 63€, Movers 67€, Flyers 71€, KET 99€, PET 112€ e FCE 192€**. (Esta cota pasaríaa o colexio por domiciliación bancaria o 9 de abril). **A data límite para matricularse é o 7 de abril tanto para YLE (Starters, Movers e Flyers) como para Ket, Pet e FCE** (fóra destas datas o colexio xá non pode inscribir a ninguén)

Se deciden **non matricular** os seus fillos en ningún exame **non fai falla devolver ningún xustificante**, e toda aquela autorización recibida por escrito ou por mail supón a matrícula inmediata no exame e non hai posibilidade de devolución das taxas.

**Os alumnos de paraescolares** recibirán, xunto coa autorización, a recomendación do mestre para presentarse aos exames. A recomendación faise de maneira positiva e está baseada no traballo do alumno ata o momento. Por suposto, as posibilidades de aprobar dependerán de que siga nesta liña e deixando claro que a última decisión é sempre da propia familia.

**Matriculación: os alumnos, tanto de paraescolares ou non**, deberán mandar a autorización firmada (escaneada ou copiada) con os datos cubertos ao coordinador de idiomas, **por mail ou ben por Alexia**.

Para máis información ou consultar algunha dúbida poden contactar comigo no correo:

Raul.Prada@colegioapostol.com ou ben chamando ao número de idiomas: **615 63 01 91**.

Atentamente  
Raúl Prada  
Coordinador de idiomas

Eu \_\_\_\_\_ pai/nai do  
alumno/a, \_\_\_\_\_ curso \_\_\_\_\_ autorizo o meu fillo a  
presentarse no colexio ao exame de \_\_\_\_\_ de Cambridge, e ao colexio a cargar por domiciliación  
bancaria as correspondentes taxas e ademais autorizo ao colexio a recoller o certificado expedido por  
Cambridge

DNI do alumno/a (se o ten) \_\_\_\_\_

DNI do pai/nai \_\_\_\_\_

Data de nacemento do/a alumno/a \_\_\_\_\_

Correo electrónico do pai/nai: \_\_\_\_\_

Firma: